

## O PP de Caldas critica a Manuel González por votar na Deputación en contra das axudas provinciais a autónomos e pemes que apoiou no concello

- O deputado e concelleiro socialista votou no pleno do xoves, un día antes do pleno provincial, a favor dunha moción dos populares na que, entre outros acordos, reclamaba á Deputación crear un plan específico de 10 millóns de euros en axudas.
- “Debería explicar aos autónomos e pemes de Caldas por que é incapaz de defender na Deputación os intereses dos pequenos empresarios do seu Pobo. ¿Ou acaso o apoio á nosa moción foi unha cortina de fume para evitar dar a cara ante un dos sectores máis prexudicados?”.

**03, decembro, 20.-** O Partido Popular de Caldas critica que o deputado e concelleiro socialista do Goberno local, Manuel González, votou na Deputación de Pontevedra en contra das axudas provinciais a autónomos e pemes propostas polo PP e que unhas horas antes apoiou no pleno municipal.

O voceiro local do PP, Fernando Pérez, cuestiona por que o xoves pola noite González xunto co resto de concelleiros socialistas apoiaron a moción dos populares na que, entre outros acordos, se instaba á Deputación de Pontevedra a crear un plan de 10 millóns de euros para axudar a pemes e autónomos dos concellos de menos de 50 mil habitantes, co obxectivo de paliar as perdas importantes que están sufrindo a causa da COVID, e só unhas horas despois, o venres pola mañá, na Deputación de Pontevedra, votou en contra do mesmo acordo.

“De que vale que apoie estas axudas en Caldas si na Deputación, que é a institución que ten que aprobalas, vota en contra. É un portazo na cara aos autónomos e pemes de Caldas, e por iso ten que dar a cara. Debería explicarlles por que é incapaz de defender na Deputación os seus intereses”, sinala. Por iso, di que “é fundamental que os veciños de Caldas comprobemos que González non está defendendo os seus intereses na Deputación, está sometido aos intereses partidistas do PSOE de Vigo e de Carmela Silva”.

Ademais, Pérez recorda que “a Deputación de Pontevedra é a única das catro galegas que non dá nin un só euro en axudas para autónomos e pemes, co apoio de González como deputado do goberno provincial. “É máis, é a única das galegas e unha das poucas de España”, engade. Por iso, entende que si o resto de deputacións provinciais poden apoiar aos autónomos, pemes e hosteleiros, o problema na Deputación non é que non haxa competencias, “é cuestión de vontade política, é cuestión de querer facelo”

Por iso, desde os Populares de Caldas din que estarán en alerta para comprobar que a nivel local o Concello si dá resposta aos acordos incluídos na moción aprobada no último pleno, e que tamén contemplaba reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para crear un plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no municipio e que sexan compatibles con aquelas axudas que aproben outras administracións, e importantes rebaixas de impostos sobre bens inmoables, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica, subministro de auga, saneamento e depuración de augas residuais, ou pola utilización e aproveitamento especial de dominio público municipal e terrazas.